

UNITAT DIDÀCTICA 2

1r Trimestre

Nivell mitjà

Un día cotián



Programació didàctica

Curs 2: Optativa Llengua i literatura gallegues

El Curs 2 de l'optativa de Llengua i literatura gallegues s'emmarca dins del Nivell A1 del [Marc europeu comú de referència per a les llengües](#):

El Nivell A1 (Inicial) es considera el nivell més baix de l'ús generatiu de la llengua: el punt en què l'aprenent ja pot interactuar d'una manera simple –preguntar i respondre preguntes sobre ell mateix, sobre el lloc on viu, sobre la gent que coneix i les coses que té; iniciar declaracions simples i reaccionar-hi en les àrees relatives a les necessitats immediates o a temes molt familiars– i no ha de confiar exclusivament en un repertori lèxic limitat i memoritzat de frases determinades per a situacions específiques.

Objectius didàctics del 2n curs de Llengua i literatura gallegues:

- Comprensió oral
 - Reconeix **paraules familiars** i expressions molt bàsiques sobre **temes propis de la família i l'entorn concret** i immediat, si la gent parla a poc a poc i amb claredat.
- Comprensió lectora
 - Compren **noms familiars**, paraules i frases molt senzilles; per exemple, les que apareixen en **anuncis, cartells i catàlegs**.
- Interacció oral
 - Es comunica de manera senzilla a condició **que l'interlocutor estigui disposat a repetir** el que ha dit o a dir-ho amb altres paraules i més a poc a poc i **que l'ajudi a formular el que intenta dir. Planteja i respon preguntes senzilles** sobre temes familiars o sobre temes relacionats amb necessitats immediates.
- Expressió oral
 - Utilitza expressions i frases senzilles per **descriure el lloc on viu i la gent que coneix**
- Expressió escrita
 - **Escriu postals** curtes i senzilles; per exemple, per **enviar felicitacions. Emplena formularis amb dades personals**; per exemple, el nom, la nacionalitat i l'adreça en una fitxa de registre d'hotel.

Descripció de la programació:

Els continguts d'aquesta programació formen part del 2n curs de l'Optativa de Llengua i literatures gallegues" que conjuntament amb el Curs 1 permeten assolir el Nivell A1 del Marc europeu comú de referència per a la llengua gallega.

Curs	Trimestre	Número UD	Títol	Durada
2n	1r	2	Un día cotián	12 horas
Activitats		Continguts		Criteris d'avaluació
Expressió oral		Describir as actividades cotiás dunha persoa. Usar axeitadamente o presente de indicativo: verbos reflexivos e con alternancia vocálica		Utilitzar expressions i frases senzilles per descriure les seves activitats quotidianes.
Interacció oral		Interesarse pola vida cotiá doutras persoas. Usar axeitadamente o léxico relacionado coas rutinas e as tarefas do fogar Empregar a segunda forma do artigo na oralidade		Mantenir una conversa amb fluïdesa sobre el seu dia a dia.
Comprensió lectora		Comprender unha infografía e unhas mensaxes nunha rede social. Comprender as horas en galego.		Comprender frases i dades senzilles relacionades amb la rutina diària.
Comprensió oral		Comprender a alguén que fala da súa rutina habitual.		Reconèixer paraules familiars i expressions bàsiques relacionades amb les activitats quotidianes i les hores.
Expressió escrita		Describir a rutina diària dunha persoa. Usar axeitadamente os conectores máis habituals neste tipo de descrições. Usar axeitadamente o presente de indicativo: verbos con e sen pronome reflexivo		Fer servir correctament els connectors més habituals per endreçar la informació d'un text descriptiu.

Els instruments d'avaluació són les activitats de síntesi que apareixen al final de la unitat 2.

Unidade 2: Un día cotián

Nesta segunda unidade ides falar das actividades que facedes cada día.

Expresión escrita

Actividade 1

Vas ver unha curtametraxe sobre a rutina diaria dun rapaz.

[Velaquí](#) tes a ligazón. Ordena estas oracións segundo as accións do rapaz.

- a. Érguese cedo, ás oito da mañá.
- b. Pon as pantuflas.
- c. Dúchase.
- d. Almorza.
- e. Vístese e pon os tenis.
- f. Sae da casa.
- g. Colle o metro.
- h. Entra no instituto.
- i. Colle un autobús.
- k. Volve á casa.
- l. Estuda inglés.
- m. Cea.
- n. Limpa os dentes.
- ñ. Saca os tenis e pon as pantuflas.
- o. Apaga o móbil.
- p. Déitase.

Actividade 2

Relaciona as comidas co momento do día en que adoitamos facelas.

- | | |
|-------------------------|----------------|
| a. O xantar (xantar) | 1. Pola mañá |
| b. O almorzo (almorzar) | 2. Ao mediodía |
| c. A merenda (merendar) | 3. Pola tarde |
| d. A cea (cear) | 4. Pola noite |

Actividade 3

Escrebe un texto coas oracións da actividade 1 para describir a rutina do rapaz. Usa os seguintes conectores para ordenar o teu texto:

- primeiro, logo, despois, a continuación, deseguido, finalmente
- pola mañá, ao mediodía, pola tarde, pola noite

Pola mañá, o rapaz érguese cedo, ás oito da mañá. Primeiro...

Actividade 4

Repara na lingua: Fíxate nestas oracións da actividade 1. Como as traducirías ao catalán ou ao castelán? O verbo vai sen pronome coma no galego?

- Pon as pantuflas.
- Limpa os dentes.
- Saca os tenis.

Repara:

Hai verbos que poden funcionar como reflexivos nalgúns contextos, cando a acción do suxeito recae no propio suxeito.

- Eu dúchome, aféitome e peitéome.
- Ti dúchaste, aféitaste e peitéaste.
- El / Ela dúchase, aféitase e peitéase.

Pero se na oración aparece expresamente un complemento directo, en galego o verbo non leva pronome reflexivo, como si acontece noutras linguas románicas coma o catalán ou o castelán.

- Eu ~~poñome~~ os tenis. x > Eu poño os tenis. ✓
- Ti ~~limpaste~~ os dentes. x > Ti limpas os dentes. ✓
- El / Ela ~~aféitase~~ a cabeza. x > El / Ela afeita a cabeza. ✓

Actividade 5

Subliña a opción correcta en cada caso:



a. O pai **deita** / **déitase** o seu fillo no berce.



b. Xela **deita** / **déitase** cedo cada día.



c. Uxía **pinta** / **píntase** as uñas cada fin de semana.



d. Vitor **lava** / **lávase** os dentes tres veces ao día.



e. Alberte **maquilla** / **maquíllase** sempre antes de saír de troula.

© Imaxes de: a. Freepik, b. Freepik, c. Freepik, d. zinkevych/Freepik, e. Freepik

Comprensión lectora e interacción oral

Actividade 6

- A. Cantas horas dormes cada día? Cres que son suficientes ou cres que deberías durmir máis? Coméntao cun compañeiro ou cunha compañeira.
- Eu as fins de semana durmo 10 horas.
 - Dormes 10 horas? Mimadriña! Eu durmo 8 horas normalmente.
- B. Le esta infografía. Segues as horas que indica a Fundación Nacional do Sono? E o teu compañeiro ou a túa compañeira?
- Eu (non) sigo as recomendacións, porque durmo...
 - O meu compañeiro (non) segue as recomendacións, porque dorme...

CANTAS HORAS DEBEMOS DURMIR?


Segundo a Fundación Nacional do Sono, estas son as horas que debemos durmir.



Fonte: www.sleepfoundation.org/

Actividade 7

Repara na lingua: Fíxate nos verbos subliñados nas oracións en azul da actividade anterior. Son verbos con alternancia vocálica. Completa a súa conxugación coa axuda desta bolsa de verbos.



	D <u>U</u> RMIR (U > O)	S <u>E</u> GUIR (E > I)
(eu)		
(ti)		
(el/ela/vostede)		
(nós)		
(vós)		
(eles/elas/vostedes)		

Repara:



VERBOS CON ALTERNANCIA VOCÁLICA

- Estes verbos son sempre da terceira conjugación (é dicir, son os que rematan en -ir no infinitivo). Na súa raíz teñen un -e- (como “sentir”) ou un -u- (como “durmir”) como última vogal.
- Ao conxugalos no presente, esa vogal da raíz cambia nalgúns persoas. Cando na sílaba tónica hai un -e- ou un -o-, estas vogais pronúncianse abertas. SENTIR (e > i): eu sinto, ti sentes (e aberto), el / ela sente (e aberto), nós sentimos, vós sentides, eles / elas senten (e aberto). DURMIR (u < o): eu durmo, ti dormes (o aberto), el / ela dorme (o aberto), nós durmimos, vós durmides, eles / elas dormen (e aberto).
- Só hai catro verbos que se conxugan como “sentir”: “ferir”, “mentir”, “seguir” e “servir”.
- Os verbos que se conxugan como “durmir” non son moitos pero algúns son frecuentes na lingua como “subir”, “fuxir”, xurdir” ou “sufrir”.

Consulta [este vídeo](#) para saberes máis.

Actividade 8

Conxuga os seguintes verbos en presente. Ten en conta a alternancia vocálica.

- Como (sentirse) cando falas nunha lingua estranxeira?
- Eu (sentirse) algo estraño.
- Os meus irmáns (durmir) no mesmo cuarto, pero eu non. Eu (durmir) só.
- A miña nai (seguir) no mesmo traballo ca antes, na mesma editorial.
- O meu avó sempre (mentir) cando lle preguntan pola idade.
- Vós (durmir) ben cando chove?
- Si, (durmir) perfectamente.
- Xandra nunca (seguir) as recomendacións dos seus pais.

Actividade 9

En grupos de sete, un/a compañeiro/a debe dicir un verbo en infinitivo. Os outros compañeiros deben conxugar as diferentes persoas dese verbo o máis rápido que poidan. Quen é o que se trabuca! Facédeo con verbos con alternancia vocálica e sen alternancia vocálica.

Persoa 1: Durmir! / Persoa 2: Eu durmo / Persoa 3: Ti dormes / Persoa 4: ...

Actividade 10

Le os comentarios desta xente nunha rede social. Seguen as recomendacións da Fundación Nacional do Sono (actividade 6)? Quen ten que durmir máis?

**BRAIS. 18 ANOS**

Eu adoito deitarme tarde, nunca vou para a cama antes das doce e media da noite. De luns a venres, érgome ás sete porque teño clase moi cedo, pero as fins de semana érgome ás once da mañá máis ou menos.

**OLAYA. 35 ANOS**

Eu déitome cada día ás once ou ás once e media. É igual se é entre semana ou fin de semana. E adoito erguerme entre as seis e as seis e cuarto.







**ANTÓN. 50 ANOS**

Eu adoito deitarme á unha e media ou incluso ás dúas menos cuarto. Érgome sobre das sete máis ou menos.

Actividade 11

Completa as horas coa axuda dos textos da actividade 9.

- A. Érgome ás doce.
- B. Érgome ás doce _____
- C. Érgome ás doce e vinte.
- D. Érgome ás doce _____
- E. Érgome ás doce menos vinte.
- F. Érgome ás doce _____

**Actividade 12**

En parellas, unha persoa representa unha hora usando os brazos e a outra persoa debe adiviñar que hora é. Logo, debe engadir unha actividade que fai normalmente a esa hora.

- Eu ás sete e media da mañá normalmente érgome da cama.

Comprensión escrita e expresión escrita

Actividade 13

A. Le o artigo e responde estas preguntas.

1. Que é e onde está o Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD)?
2. Que tipo de deportistas adestran neste centro?
3. A que hora comezan as clases no instituto?
4. Que fan os rapaces despois da cea?
5. É certa esta afirmación: “No centro o máis importante é o rendemento deportivo dos alumnos”? Xustifica a túa resposta.
6. Gustaríache estudar nun centro coma este? Por qué?

CGTD: ONDE NACEN AS LENDAS DO DEPORTE GALEGO



© Estevoaei / Wikimedia Commons

O Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD), en Pontevedra, é o berce dos mellores deportistas galegos de elite. Neste centro adéstranse rapaces e rapazas de disciplinas moi diferentes. Hai piragüistas, triatletas, taekwondistas, loitadores, judocas ou atletas, entre outros. Moitos deles representan a Galicia e a España en campionatos nacionais e internacionais. Polo centro pasaron grandes figuras do deporte galego, como David Cal, medallista olímpico.

O CGTD é un centro de formación integral. É referente nacional, non só polos éxitos dos deportistas, senón por todo o que conleva para os mozos a experiencia de convivir e estudar con outros mozos coma eles.

O CGTD non é só un lugar para facer deporte. Tamén é unha residencia e un espazo de estudo. Os deportistas que veñen de diferentes puntos de Galicia poden vivir alí durante o curso. O

centro conta con dormitorios, comedor, ximnacios, piscina, pistas deportivas e outras instalacións. Así, os rapaces e rapazas poden combinar a súa preparación deportiva cos seus estudos.

Un día cotián no CGTD é intenso. As clases no instituto comezan ás 8:00 horas, cunha pausa para o primeiro adestramento ás 10:30 horas. Despois dunha hora e media, dúchanse e volven á clase ata a hora do xantar. Pola tarde hai outra sesión de adestramento de dúas horas, tras a que é obrigatorio estudar. Despois de cear ás 20:00 horas, volven estudar ata que ás 23:00 se fai o silencio na residencia.

Con esta xornada totalmente planificada, os rapaces e rapazas do centro céntranse no máis importante para eles: os estudos e o deporte. Ademais, o rendemento deportivo e o académico teñen o mesmo valor, porque se un alumno repite curso perde a bolsa de estudos e non pode continuar no CGTD o ano seguinte.

B. Tes un/a amigo/a que é moi deportista e non sabe moi ben que facer no futuro. Acabas de ler un artigo sobre o Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD) e pensas que lle pode interesar. Escríbelle un correo electrónico animándoo/a a informarse e a considerar a posibilidade de unirse ao CGTD.

Expresión oral, comprensión oral e expresión escrita

Actividade 14

A. ¿Cómo é un día cotián para ti? Descríbello oralmente a un/a compañeiro/a coa axuda destas preguntas.

- A que hora te ergues?
- Que fas antes de ir ao instituto?
- Que fas despois de saír do instituto?
- Que fas antes de te deitar?
- A que hora te deitas?

B. Logo, escoita a descrición do teu compañeiro o da túa compañeira e toma notas. Describe o día a día do teu compañeiro ou da túa compañeira.


Interacción oral

Actividade 15

A. Escribe o nome de cada tarefa do fogar na imaxe correspondente.

1. Poñer a lavadora
2. Pasar o ferro
3. Limpar o po
4. Facer a cama
5. Varrer o chan
6. Pasar o aspirador
7. Fregar a louza
8. Regar as plantas
9. Tirar o lixo



© Imaxes de: 1. rawpixel.com/Freeipik, 2. wayhomestudio/Freeipik, 3. Freeipik, 4. Freeipik, 5. Freeipik, 6. rawpixel.com/Freeipik, 7. Freeipik, 8. Racool_studio/Freeipik

B. Que outras tarefas do fogar coñeces? Busca o seu nome nun [dicionario](#) se non sabes como se di en galego.

Repara:

A segunda forma do artigo

- En galego, existe unha segunda forma dos artigos determinados: -lo, -la, -los e -las.
- Aparece cando o artigo determinado vai detrás de verbos que acaban en -r ou -s

Exemplos:

Vou lavar **a** roupa. > Vou lava-**la** roupa.

Lavas **a** roupa habitualmente? > Lava-**la** roupa habitualmente?

- Esta segunda forma é obrigatoria só na oralidade, non na escrita.

Consulta [este vídeo](#) para saberes máis.

Actividade 16

En parellas, comentade:

- Con que frecuencia facedes as tarefas da casa da actividade anterior.
- Que tarefa do fogar odias facer?
- Cal ou cales non che importa facer?
- Que tarefa do fogar aínda non fixeches nunca?

Coincidides? Lembra de empregar a segunda forma do artigo cando sexa necesario.

- **Adoitas facer a cama?**
- **Si, adoito facer a cama cada día.**

Actividade 17

En grupos, alguén representa unha tarefa do fogar só usando xestos. A primeira persoa que adiviña a tarefa gaña un punto e sae representar a seguinte acción. Olo: para conseguir o punto debe dicir a tarefa en galego e usar a segunda forma do artigo (*Estás a lava-la roupa!*). A ver quen consegue máis puntos!

Actividade de síntese

En parellas, imaxinade que sodes guionistas dunha serie de ficción. Ídeslle propoñer unha serie nova á vosa produtora.

Pensade nunha serie que pode ser interesante e facede unha presentación en diapositivas para describila. Na vosa presentación tedes que:

- Incluir un título atractivo para a vosa serie
- Facer unha sinopse breve da trama principal (de que vai?)
- Describir as personaxes principais (como son fisicamente, cal é o seu carácter, cal é a súa rutina habitual etc.)

Presentade as vosas ideas na clase. Cal vos parece máis interesante?

ANNEXO I

Solucións da actividade 13

1. O CGTD é un centro de formación integral para deportistas galegos de elite. Está en Pontevedra.
2. Adestran rapaces e rapazas de disciplinas moi diferentes, como piragüismo, triatlón, taekwondo, loita, xudo ou atletismo, entre outros.
3. As clases comezan ás 8:00 horas.
4. Despois da cea, volven estudar ata ás 23:00, cando se fai o silencio na residencia.
5. Non é certa. No CGTD o máis importante é combinar o estudo e o deporte, xa que o rendemento académico e deportivo teñen o mesmo valor. Se un alumno repite curso, perde a bolsa de estudos e non pode continuar.
6. Resposta libre.